

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

CURSO 2023/24

CEIP MOSTEIRO - BEMBRIVE

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN.....	2
2. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	3
3. OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR.....	5
4. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DIDÁCTICA E AXENTES IMPLICADOS..	6
5. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS PARA O TRATAMENTO DA COMPRESIÓN LECTORA E DO VOCABULARIO ESPECÍFICO EM TODAS AS ÁREAS DOS DISTINTOS NIVEIS EDUCATIVOS.....	7
6. ACTIVIDADES A DESENVOLVER.....	8
7. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....	17
8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E DO TEMPO DIARIO PARA A LECTURA	20
9. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO LECTOR.....	22

1. PRESENTACIÓN

Este **Proxecto Lector** estará incluído dentro do proxecto educativo de centro e nel se integrarán aquelas actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Procurará a adquisición das competencias básicas, especialmente:

- Comunicación lingüística.
- Tratamento da información e a competencia dixital.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.

Este proxecto pretende ser sinxelo, realista, consensual, flexible e baseado no fomento das boas prácticas lectoras, deseñado para que se articulen todas as intervencións que se van a realizar no centro en relación coa lectura, escritura e as habilidades informativas, coa participación de todo o profesorado e incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

Pretendemos que sexa non só a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, incluídas nas PXA, senón tamén, a referencia para as prácticas diarias docentes.

Coa elaboración deste proxecto deberemos reflexionar e tomar decisións consensuais que permitan:

- A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou dixital) no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.

- O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores.
- O funcionamento da B.E. como factor de compensación social.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

O centro

O centro educativo atópase situado en Bembrive, un barrio periférico de Vigo, e abrangue principalmente a nenos/as do seu contorno. O barrio está en continuo crecemento habendo cada vez máis vivendas unifamiliares e contando cun nivel sociocultural e económico máis elevado.

Na mesma parroquia hai outro colexio público e varios centros educativos máis, escola universitaria e un pavillón polideportivo. Dispón de espazos públicos como un centro cultural con biblioteca pública e zonas verdes. A zona está ben equipada en canto a servizos. A maioría das familias son de clase media, aínda que con tendencia a subiren. O nivel cultural da maioría de pais/nais é medio. Involúcranse nas propostas do centro, aínda que apreciamos unha baixa na súa asistencia a obradoiros ou talleres propostos en horarios de tarde.

O recinto escolar está dividido en distintos espazos ao aire libre e cuberto. O edificio principal ten tres andares, as aulas de E.I. están na planta baixa e no primeiro andar e as de E.P. no primeiro e segundo. O patio conta con pista polideportiva, dúas pistas deportivas, unha cuberta, e parque infantil con areeiro, rocódromos, aula ao aire libre e zona de movemento. Actualmente o patio de recreo está en continua evolución dentro do proxecto *(Re)creando o noso patio* a través do cal se pretende convertilo nun espazo de aprendizaxe vivo e dinámico. Dentro do recinto escolar tamén se atopan a casa do conserxe e o comedor escolar. Ademais o centro conta con biblioteca, despacho de orientación, aula de P.T., aula de A.L., aula de música, de inglés, aula

multisensorial e espazo STEAM. Outros recursos son un parque de educación viaria e un horto-invernadoiro.

O alumnado

O centro educativo conta cos niveis educativos de Educación Infantil e Primaria. Trátase dun C.E.I.P. de 10 unidades, 3 de Infantil e 7 de Primaria, e un total de 166 alumnos. O horario escolar é de xornada única, de 9:00 a 14:00, pero con *entradas amables* a partir das 8:50

O profesorado

Están adscritos ó centro un total de dezaseis mestres, contando cós titores, mestra de apoio en E.I., unha especialista de inglés, un de francés, unha especialista en música, unha especialista en relixión e un especialista en educación física. Ten un Departamento de Orientación que conta con orientadora e cunha mestra de Educación Especial, unha P.T. a tempo total e unha A.L. que comparte horario con outro centro educativo.

A oferta educativa do centro amplíase con propostas prácticas e lúdicas guiadas polos temas transversais. No vindeiro curso 24/25 retomaranse os obradoiros como actividades que se imparten no centro un día á semana, con duración de dúas horas dentro do horario lectivo e participa todo o alumnado. Cada profesor especialízase nun deles e os nenos/as van rotando ó longo do curso. Actualmente o centro participa nos seguintes programas: Voz Natura, Contratos programa Inclúe e Biblioteca e familias e Club de lectura dentro dos programas de bibliotecas escolares.

A ANPA do centro aglutina unha parte importante das familias do centro, organiza o comedor, as actividades extraescolares, o cross escolar e as colonias. As actividades extraescolares desenvólvense fóra do horario escolar e selecciónanse en función das preferencias do alumnado: teatro, patinaxe, pintura, baloncesto, robótica, baile...

3. OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

O noso obxectivo é deseñar un proxecto lector personalizado, establecendo uns criterios comúns para todas as áreas e para todo o centro. Por tanto, o noso compromiso é:

- Crear un clima lector no centro mediante a implicación de toda a comunidade educativa.
- Desenvolver as habilidades lectoras para obter a suficiente fluidez en cada nivel.
- Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e ao crecemento persoal do alumnado.
- Integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario e responder ás características e necesidades propias de cada materia.
- Traballar conxuntamente a lectura comprensiva coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- Propiciar que o alumnado pase de ser lector pasivo a ser lector activo e descubran o gusto pola lectura.
- Estimular a elección de libros por parte dos alumnos/as tendo en conta os seus gustos.
- Implicar ás familias para contribuír a mellora da lectura, a colaborar nas actividades do centro e motivar a lectura dos seus fillos e fillas na casa.
- Deseñar e programar actividades que fomenten a comprensión lectora e o gusto pola lectura.
- Potenciar o uso da Biblioteca do centro, como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, así como dinamizadora da actividade educativa e cultural do centro.

- Integrar fontes informativas, en calquera soporte: impreso ou electrónico, no tratamento dos contidos curriculares.

4. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DIDÁCTICA E AXENTES IMPLICADOS

O Equipo directivo e o Consello Escolar

- Asumirán o Proxecto como tarefa primordial cada curso escolar. Para isto, facilitarán os recursos humanos e materiais dos que poidan dispor.
- Saben que a familia ten que constituír un eixo fundamental no Proxecto Lector e debe invitala a colaborar eventualmente nas actividades lectoras do centro e a motivar a lectura dos seus fillos e fillas na casa, tarefa formativa na que pais e nais son fundamentais.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

- Será informada de calquera iniciativa relacionada coa mellora das habilidades lectoras. Esta comisión, a súa vez, comprométese a transmitir esta información aos diferentes grupos de traballo, a través das persoas que coordinan cada un deles. Tamén debe ser axente de propostas e suxestións para renovar PL e PAL.

O equipo de biblioteca

- Comprométese a colaborar activamente con cada grupo de traballo do centro á hora de proporcionarlles material didáctico teórico ou práctico, encamiñado á inclusión de actividades de fomento da lectura e comprensión lectora nas distintas programacións.
- Colaborará activamente na posta en práctica das actividades de fomento da lectura ao longo de todo o curso.
- Levará a cabo a formación de usuarios da biblioteca de cara ao seu aproveitamento óptimo nas tarefas de busca de información ou lecer.

5. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS PARA O TRATAMENTO DA COMPRENSIÓN LECTORA E DO VOCABULARIO ESPECÍFICO EN TODAS AS ÁREAS DOS DISTINTOS NIVEIS EDUCATIVOS

Unha correcta comprensión lectora favorece a adquisición e comprensión do vocabulario propio de cada materia, co fin de acadar precisión e rigor na expresión dos conceptos de cada área e enriquecer os rexistros lingüísticos do alumnado.

O currículo está mediatizado pola linguaxe, oral ou escrita, e os coñecementos das distintas disciplinas artéllanse, en gran parte, de forma lingüística.

Para que o proxecto de lectura funcione, cómpre contar coa colaboración do profesorado dos distintos grupos de traballo, que poderán traballar guiándose polas seguintes liñas de actuación:

- Diseñar actividades lectoras que se integren no contexto da clase e no traballo diario, que respondan ás características de cada materia e que se baseen nos obxectivos xerais do proxecto lector.
- Compartir estratexias e recursos cos demais grupos de traballo, e actuar conxuntamente, sempre que sexa posible.
- Propor actividades de animación á lectura nos diferentes niveis, axeitados ao perfil académico do alumnado.
- Aproveitar os recursos da biblioteca e contribuír á actualización dos seus fondos.
- Implicar na lectura ao alumnado con actividades novas, motivadoras e axeitadas ao perfil dos alumnos.

Aparte destas orientacións xerais para todo o alumnado, o profesorado deberá prestar axuda a aqueles rapaces e rapazas que mostren dificultades lectoras, tanto de comprensión, como de expresión. Para iso recoméndase:

- Ir descifrando cos alumnos que teñen dificultade os textos ata conseguir a súa comprensión.
- Non conformarse coa memorización literal de textos.
- Comprobar sistemáticamente se realmente o comprenden.
- Analizar o vocabulario.
- Fomentar o hábito de preguntar e consultar ao profesorado o que non entenden.
- Facer que o alumnado entenda a importancia que ten para a súa aprendizaxe o feito de comprender ben o que le.
- Invitar ao alumnado ao alumnado a deducir o significado dunha palabra polo seu contexto ou a partir da súa etimoloxía. Por iso en cada aula deberá haber un dicionario actualizado de lingua galega e de lingua castelá ou ben un ordenador ou tableta con conexión a Internet para acceder ás versións en liña dos dicionarios da RAE e da RAG
- Fomentar no alumnado unha cultura de lectura e inculcarlle a idea de que, aínda que ler require un esforzo, é gratificante.
- Finalmente, convén practicar a lectura en voz alta, pois esta axuda á comprensión e permítenos comprobar se o alumnado comprende ou non o que le. Ademais, a lectura en voz alta mellora a dicción, a capacidade de expresarse en público con soltura, axuda a vencer a timidez e o medo a enfrontarse a un *público*.

6. ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Na biblioteca:

- Actividades de formación de usuarios. Ao comezo do curso escolar, un equipo de voluntarios con alumnado de 5º e 6º nivel de E. Primaria acompañados por membros do equipo de biblioteca, recibirán información e formación sobre a biblioteca en xeral: distribución, normas, horarios...; sobre a colocación dos libros na biblioteca, sobre o

hospital de libros e a reparación daqueles que o requiran; sobre o uso das tabletas como búsqueda de información e o manexo dos xogos e sobre o funcionamento de bibliopatio, para o préstamo de libros no horario de recreo. Toda esta información será compartida cos distintos niveis ao principio de curso nunha sesión inaugural da biblioteca escolar.

- Facer pública no blogue da biblioteca as lecturas recomendadas por niveis.
- Publicar o Proxecto Lector na páxina web do centro para que sexa un documento vivo no que toda a comunidade poida participar.
- Poñer en marcha o *Club de Lectura*, tentando que cada vez integra máis amantes da lectura de distintos niveis.
- Dinamizacións lectoras na biblioteca, por parte do equipo de biblioteca ou de persoas externas: escritores, ilustradores...
- Colocación de expositores relacionados coas celebracións transversais ou feitos culturais relevantes nos que participe todo o centro.
- Colocación de expositor de novidades.
- Actualización do blogue da biblioteca.
- Exposición de materiais e libros que fagan mención ás distintas conmemoracións: Día das bibliotecas, Magosto, Samaín,, da Ciencia, da Muller Traballadora, da Paz, Letras Galegas, da Poesía...
- Funcionamento do buzón de desideratas.
- Posta en marcha do recanto de lectura silenciosa.
- Posta en marcha, en colaboración co equipo de Dinamización, do recanto de Galego, para compartir información subida ao blogue, a través dun código QR.
- Recepción de posibles exposicións do centro ou colaboracións externas.
- Posta en marcha da mochila viaxeira, para compartir en familia, lecturas, manualidades...

Nas aulas:

Lectura silenciosa

Trátase dun tempo no que toda a escola (profesorado e alumnado) le á vez e ao seu ritmo; un tempo no que se contacta co libro sen medo, sen apuros, sen preocupacións e sen render contas.

Deben ler o que queiran, o que lle guste, o que lles interese, o que lles resulte máis fácil ou máis interesante, ou máis entretido, o que teña máis debuxos, ou... En definitiva, o que lles proporcione pracer. Poderán cambiar de libro tantas veces queiran, mentres respecten o espazo e o silencio dos demais.

Dedicaremos 15 ou 20 minutos, despois do recreo, á lectura como momento de lecer: alumnado e profesorado lendo á vez.

Lectura compartida

A lectura podémola compartir de moi diferentes xeitos:

Pode ser o/a mestre/a o que faga a lectura oral e, así, ser modelo lector para os nenos/as: entoación, expresión, ritmo e velocidade achegando ao neno/a ao mundo dos libros e da literatura infantil. Desenvolve, ademais, a habilidade de escoitar e a súa capacidade de atención, e estímúalos a ler.

Tamén poden ser os propios nenos e nenas os que fagan a lectura oral ou ben aos demais compañeiros/as da súa clase ou a nenos/as doutras clases. Neste caso sería conveniente unha lectura previa para familiarizarse co texto e poder ler expresivamente, respectando os signos de puntuación, usando un tono, volume e velocidade axeitada.

Os pais/nais ou familiares tamén poden ser partícipes deste tempo de lectura, colaborando coma invitados/as. O pai/nai conxuntamente co/a titor/a seleccionarán un conto axeitado para o grupo.

Contacontos e outras actividades de animación á lectura. Persoas alleas ao centro, institucións ou editoriais, de xeito ocasional, poden vir ao centro para a lectura dalgún libro acompañados de dramatización, animación, ilustración...

Compartir a lectura, tamén é, comentar os nosos gustos lectores, as nosas experiencias cos libros, aqueles que máis nos gustaron, aqueles que nos cativaron....

Préstamos

Os titores/as serán os encargados de facer o préstamo de libros para os nenos/as ou ben da Biblioteca escolar, ou ben da biblioteca de aula. Levarase a cabo a través do programa Meiga. No caso de que houbera unha persoa ou persoas con horario para este fin, serían quen farían o préstamo.

Haberá un horario para todo o centro, co fin de poder utilizar a Biblioteca e facer préstamos, sesións de animación á lectura ou sesións de formación de usuarios/as dun xeito organizado e operativo.

Tamén os demais membros da comunidade educativa poderán solicitar o préstamo de libros, disporán do seu propio carné.

Cando sexan os profesores/as os que soliciten por un tempo determinado algúns libros, o préstamo estará a cargo da persoas responsables do equipo de biblioteca.

Actividades incluídas nas programacións didácticas

A continuación detállanse algunhas das actividades incluídas nas programacións didácticas.

EDUCACIÓN INFANTIL:

Tal e como se recolle no D. 150/2022 no que se establece o curriculum de educación infantil, esta etapa pretende promover unha primeira aproximación a lectura, a través de actuacións destinadas ao fomento da aproximación a lectura e a escritura.

Toma especial relevancia nesta etapa a estimulación da linguaxe oral, por ser o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conducta e tamén porque é o vehículo principal que permite disfrutar dun primer achegamento a cultura literaria a través das rimas, das retahílas, das adiviñas e dos contos, que enriquecerán o seu bagaxe sociocultural e lingüístico dende o respecto da diversidade.

Iniciarase a aproximación a literatura infantil como fonte de gozo con cantigas e contos no contexto cotiá, creando un vínculo emocional e lúdico cos textos literarios. Infantil é a etapa da literatura oral por excelencia.

No caso da linguaxe escrita proporcionarase un contexto de interacción cos iguais e adultos como modelos lectores e escritores, que despertará a curiosidade, o interese e o desexo de explorar e descubrir o seu significado social e cultural. Interese que se incrementará deixando ao seu alcance libros e outros textos que recollan todo tipo de intereses.

Esta primeira aproximación producirase na cotidianeidade da aula, enmarcada en situacións significativas para os nenos/as, tendo claro que a adquisición do código escrito non é un obxectivo que se deba alcanzar nesta etapa.

Para acadar o exposto anteriormente organizaremos:

- Asambleas de diálogos: participando de modo activo e axustado, espontánea e respetuosamente coas diferencias individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.
- Obradoiros de estimulación da linguaxe oral con xogos de adiviñas, retahílas, actividades de vocabulario...
- Recanto de biblioteca de aula como espacio cálido e acolledor para favorecer a aproximación natural a literatura, para construír significados, despertar a imaxinación e fantasía, achegalos a realidades culturais propias e alleas e presentarlles outros mundos.
- Sesións semanais na biblioteca do centro con sesións de empréstito e

animación a lectura.

- Hora do conto, creando situacións de lectura con modelos lectores de referencia, compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
- Actividades plásticas con diferentes contos, en diferentes soportes e con diferentes técnicas plásticas.
- Sesión de dramatizacións e xogo dramático.
- Reflexións sobre os contos tradicionais como elementos transmisores de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Celebracións mensuais de aniversarios con sesión de dramatización ou contacontos a cargo das familias.
- Actividades conmemorativas de centro: día das bibliotecas escolares, día da poesía, Día do libro...
- Actividades de aproximación á linguaxe escrita.

1º CICLO DE PRIMARIA:

- Actividades de lectura, expresión e comprensión oral:
 - Lectura en voz alta do profesorado de textos narrativos, contos, poemas,...
 - Presentación de libros da B.E. e/ou aula, así como de libros do alumnado.
 - Préstamo de libros da biblioteca de aula e da biblioteca escolar.
 - Recollida de valoracións dos libros de lectura.
 - Ficha de lectura con debuxo.
 - Actividades na biblioteca escolar.
 - Todas aquelas actividades destinadas a consecución dos obxectivos das áreas (ler detidamente os textos, facer preguntas, analizar o vocabulario, extraer a idea principal,...).
 - Escoita de narracións, contos, cancións...
 - Recitado e/ou memorización de adiviñas, poesías, trabalinguas, ditos, etc.
 - Dramatizacións.

- Lectura de libros do seu interese da biblioteca de aula.
- No programa de Prevención de Dificultades Lectoescritoras propoñemos distintas actividades encamiñadas a acadar a competencia lectoescritura. Por exemplo:
 - Para traballar as habilidades perceptivo-visuais podemos rodear palabras iguais ao modelo, riscar a palabra diferente ao modelo, unir elementos, sílabas iguais, identificar elementos dentro dun conxunto ...
 - Algunhas propostas para mellorar a conciencia fonolóxica poden ser: dividir unha oración simple en palabras contido e en palabras función, substituír, omitir ou engadir elementos léxicos en distintas oracións, cambiar a orde dos elementos léxicos, contar sílabas, identificar e representar a estrutura silábica das palabras, recompoñer palabras a partir de sílabas ...
- Actividades de expresión e comprensión escrita:
 - Elaboración de carteis cos centros de interese, festividades e unidades didácticas das áreas.
 - Ditado de adiviñas, poesías, trabalinguas, ditos,...
 - Escritura de números, problemas,...
 - Redacción de experiencias relacionadas coa temática de cada unidade.
 - Creación de cómics.
- Outras actividades:
 - Recollida de información de libros ou recursos dixitais para a adquisición de novos contidos.
 - Actividades relacionadas con datas conmemorativas ou significativas da vida do centro, maiormente no día do libro e na Semana das Letras Galegas.

2º CICLO DE PRIMARIA:

- Actividades de lectura, expresión e comprensión oral:
 - Lectura en voz alta de diferentes textos tendo en conta unha correcta pronunciación e entoación.
 - Recomendacións de libros.
 - Préstamo de libros.
 - Lectura silenciosa durante 15 ou 20 minutos.
 - escoita de textos (poesías, adiviñas,...) recitados polo profesor/a e/ou nenos/as.
 - Coñecer distintos autores: a súa obra e a súa vida.
 - escoita de textos gravados.
 - Todas aquelas actividades destinadas a consecución dos obxectivos das áreas (ler detidamente os textos, facer preguntas, analizar o vocabulario, extraer a idea principal,...).
 - Dramatización dun texto en forma de diálogo entre varios nenos/as.
 - Recitado de poemas con música.
 - Cantar e aprender cancións.
 - Debates sobre temas previamente traballados.
 - Asambleas para tomar decisións de carácter xeral.
 - Dramatizacións.
 - Xogos lingüísticos.
 - Actividades baseadas no uso das Tic, como escoita de cuñas publicitarias, podcasts...

- Actividades de expresión e comprensión escrita:
 - Escritura de poemas, refráns, trabalinguas, biografías...
 - Ditados de pequenos textos.
 - Escritura de problemas e números.

- Elaboración de resumos e esquemas das distintas unidades didácticas.
 - Escritura de experiencias e vivencias da súa vida cotiá.
 - Creación de cómics e historias.
- Outras actividades:
 - Actividades de murais, carteis,... relacionados coas distintas conmemoracións celebradas no colexio.
 - Participación en todas aquelas actividades propostas polo equipo de biblioteca e nas celebracións comúns: Día da Poesía, Día do Libro, Día de Rosalía...

3º CICLO DE PRIMARIA

- Actividades de lectura, expresión e comprensión oral:
 - Lectura diaria, persoal de textos literarios.
 - Lectura colectiva en voz alta dos libros lidos en cada trimestre.
 - Resumos orais de textos ou parágrafos lidos.
 - Memorización e recitado de textos.
 - Exposición oral dun tema ou conto previamente preparado.
 - Intercambios de opinións sobre os libros lidos.
 - Realización de debates sobre temas suscitados.
 - Todas aquelas actividades destinadas a consecución dos obxectivos das áreas (ler detidamente os textos, facer preguntas, analizar o vocabulario, extraer a idea principal,...
- Actividades de expresión e comprensión escrita:
 - Busca de información sobre a vida e a obra de autores de libros lidos en clase e posta en común.

- Creación de diferentes tipos de textos: contos, narracións, poemas, instrutivos...
- Elaboración de resumos e esquemas das unidades didácticas.
- Fichas de lectura.
- Traballo sobre os libros de lectura lidos en cada trimestre.

Actividades cara ás familias e comunidade educativa

- Sesións abertas de actividades de animación á lectura a través do proxecto *Lectura e familias*.
- Sesións de divulgación de libros.
- Propostas de lecturas enfocadas a orientacións educativas a través da *mochila viaxeira*.
- Organización de préstamos de libros dende a B.E. tamén para as familias.
- Posta en marcha dun punto de lectura ubicado na planta baixa, na zona administrativa de dirección, xefatura e secretaría.
- Orientacións lectoras para os seus fillos e fillas a través do blogue de biblioteca.

7. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

O centro conta cunha grande cantidade de volumes repartidos. A maior parte deles concéntranse na biblioteca escolar, seguido das bibliotecas de aula. Tamén trasladáronse exemplares aos corredores, creando pequenas bibliotecas para compartir lecturas entre alumnado de diferentes niveis. Na planta baixa ubícase, ao lado dos espazos destinados a dirección e secretaría, un pequeno recanto de lectura para familias. Nos armarios dos corredores da primeira e segunda planta concéntranse libros de consulta e outros materiais didácticos organizados por ciclos. Queda pendente de reagrupar na sala de

mestres todos aqueles exemplares concentrados na biblioteca e que poden ser de utilidade par ao profesorado.

Biblioteca escolar

O centro conta cunha renovada biblioteca ubicada na última planta. Consta dun amplo espazo dividido en diferentes zonas que pretende ser o punto de encontro de diferentes actividades non só individuais a nivel de titorías, senón colectivas de centro e compartidas con familias ou outros colectivos.

O Plan de biblioteca establece obxectivos atendendo a actuacións nos seguintes ámbitos:

- Organización e xestión.
- Dinamización e promoción dos recursos e a súa integración no tratamento do currículo e no desenvolvemento das competencias clave,
- Formación de usuarios.
- Desenvolvemento do presente Proxecto Lector.
- Coordinación entre os diferentes equipos de centro e outros programas: *Proxecta, Voz Natura*, etc.
- Criterios e procedementos de avaliación dos servizos da biblioteca e da situación da lectura do centro en xeral.
- As principais actuacións que se veñen a desenvolver ao longo do curso atenden aos seguintes obxectivos:
 - Fomentar o uso das ferramentas Tics para a búsqueda de información nas actividades a realizar.
 - Fomentar a utilización do noso blogue como medio de comunicación.
 - Seguir colaborando co equipo Tic na difusión do traballo realizado na biblioteca a través da Web e de Redes Sociais.
 - Continuar cos horarios dunha hora de asistencia semanal de cada titoría dirixidas á formación de usuarios, animación á lectura e posibilitar a súa utilización noutras sesións semanais.

- Continuar co uso da biblioteca no tempo de recreo con axuda dun equipo voluntario de alumnado.
- Manter o horario de entrada amable, dende as 8:50 ata as 9:00.
- Manter un horario de uso da biblioteca polas tardes.
- Dotar ao alumnado de estratexias básicas para usar de forma autónoma os recursos e servizos da biblioteca.
- Coordinar a formación de usuarios e os alumnos voluntarios.
- Elaborar xunto co equipo de dinamización lingüística listados de bibliografía axeitada aos diferentes niveis e organizar actividades de animación á lectura.
- Mercar, xunto co equipo de Dinamización Lingüística, libros nunha porcentaxe de igualdade en galego e castelán.
- Continuar co expurgo necesario de materiais que non resulten de interese, que estean en mal estado ou non cumpran normativas.
- Seguir traballando no desenvolvemento dunha biblioteca inclusiva.
- Traballar xunto co D.O para desenvolver actividades que atendan á diversidade do alumnado.
- Continuar cos diferentes clubs: lectura, lettering... e valorar outros que poidan xurdir.
- Promover a educación audiovisual.
- Realizar actividades de lectura e investigación relacionadas con datas significativas celebradas no centro.
- Coordinar xunto con outros equipos do centro, o deseño e posta en marcha de actividades que se relacionen con contidos curriculares.
- Promover a lectura e os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro da comunidade educativa.
- Fomentar a lectura nas familias a través da mochila viaxeira.
- Fomentar a participación das familias como usuarios e para a realización de actividades.
- Motivar ao alumnado a que lean e se expresen en galego.

- Fomentar o uso da biblioteca en actividades relacionadas con proxectos nos que participe o centro.
- Conectar con outras bibliotecas públicas promovendo visitas complementarias a algunha delas.
- Realizar unha avaliación empregando diferentes instrumentos para obter información e realizar propostas de mellora: rexistros, cuestionarios, recollida de suxerencias, valoración de actividades...

Os recursos tecnolóxicos e dixitais tamén ten cabida dentro do plan lector. É unha ferramenta máis como instrumento de aprendizaxe e fonte de información, polo tanto o PLC estará ligado ao plan das TIC e traballaremos a prol de conseguir material informático para poder desenvolver a cultura impresa e dixital conxuntamente. Actualmente a biblioteca dispón de tabletas para búsqueda de información ou consulta.

En canto os recursos humanos, o centro contará cun equipo de biblioteca formado por catro mestres e unha coordinadora que dinamizarán a utilización e organización da biblioteca escolar. A responsable do PLAMBE contará con dúas sesións de traballo e o resto de integrantes do equipo dunha sesión semanal. As sesións empregaranse fundamentalmente para a catalogación, rexistro informático dos fondos, expurgo e programación de actividades. Non existe a figura dun único profesor dinamizador, polo que o equipo de biblioteca ocuparase desta función para completar o traballo dinamizador, xa que os titores non dispoñen de tempo suficiente ao encargarse do préstamo de libros nas súas sesións de biblioteca.

8. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E DO TEMPO DIARIO PARA A LECTURA

A biblioteca escolar conta cun horario de apertura para o uso e préstamo dos fondos de biblioteca, coas titorías e de forma libre, en horario lectivo e fóra deste.

A biblioteca escolar tamén permanecerá aberta en horario de tarde de 16:00 a 17:00 para uso de familias e alumnado sempre acompañado dun adulto responsable do seu coidado.

No horario escolar do presente curso, permanecerá aberta en horario de entrada amable, dende as 8:50 a 9:00, está igualmente asignada a *hora de ler* de 12:00 a 12:30 que se levará a cabo en todas as aulas de infantil e primaria e unha hora fixa por titoría para os préstamos de libros e actividades de dinamización lectora. Nas aulas de infantil pasará a ser *hora do conto* realizando lecturas a cargo de mestres, alumnos ou familias. Poderase levar a cabo en distintos espazos do centro: corredores, aula ao aire libre...

Os libros e recursos da biblioteca escolar ademais de na propia biblioteca do centro repártense nos seguintes espazos:

- Bibliotecas de aula.
- Bibliotecas nos corredoiros.
- Biblioteca de patio.
- Biblioteca de STEAM.
- Biblioteca do departamento de orientación.
- Biblioteca para o profesorado ubicada na sala de profesores (pendente de organizar)
- Biblioteca para familias na zona de espera próxima á xefatura, secretaría e dirección.

9. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO LECTOR

Avaliación das actividades propostas e reflectidas no PXA en cada un dos niveis.

Realizarase unha avaliación continua do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura, de tal xeito que analizaranse os avances ou dificultades atopadas ao longo do curso para posibles modificacións.

Débense poñer en funcionamento unha serie de mecanismos que permitan avaliar o funcionamento e efectividade do Proxecto Lector:

- Elaboración de enquisas anuais para alumnado, profesorado e familias coa finalidade de analizar o grao de implicación da comunidade educativa na posta en práctica de distintas actividades do Proxecto Lector.
- Comprobación do nivel de participación do conxunto da Comunidade Escolar nas actividades que se organicen, vendo o grao de aceptación dunhas e doutras.
- Valoración do uso da Biblioteca por parte do profesorado e alumnado e demanda de modificacións concretas.
- Análise de movementos de préstamo e de lectura en sala.

A análise anual (preferentemente ao remate de curso) dos resultados conseguidos debe demostrar ata que punto se acadaron os obxectivos previstos neste PL. É importante aproveitar os resultados da análise para a planificación do traballo de próximos cursos e para facer as oportunas modificacións neste documento, que é vivo e versátil e debe adaptarse á realidade do centro e cambiar con el.

No Mosteiro, a 4 de xuño de 2024

A coordinadora do equipo de dinamización da Biblioteca

Asdo.: BEATRIZ E. FERNÁNDEZ BLANCO